

ITINERARIOS E CONTIDOS DAS MATERIAS ESO LOMCE

IES A Sardiñeira
Departamento de Orientación



Mónica Diz Besada
monicadizorienta.blogspot.com

Itinerarios ESO según a LOMCE

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	
			ENSINANZAS ACADÉMICAS	ENSINANZAS APLICADAS
<ol style="list-style-type: none"> 1) Bioloxía e Xeoloxía (4h) 2) Xeografía e Historia (3h) 3) Lingua Castelá e Literatura (4h) 4) Lingua Galega e Literatura (4h) 5) Matemáticas (5h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) 9) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 10) Materia de Libre Configuración (autonómica ou do centro) , reforzo e/ou afondamento (1h) 11) Titoría (1h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h) 	<ol style="list-style-type: none"> 1) Física e Química (3h) 2) Xeografía e Historia (3h) 3) Lingua Castelá e Literatura (3h) 4) Lingua Galega e Literatura (3h) 5) Matemáticas (5h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Música (2h) 9) Tecnoloxía (3h) 10) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 11) Materia de Libre Configuración (autonómica ou do centro), reforzo e/ou afondamento (1h) 12) Titoría (1h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h) 	<ol style="list-style-type: none"> 1) Bioloxía e Xeoloxía (2h) 2) Física e Química (2h) 3) Xeografía e Historia (3h) 4) Lingua Castelá e Literatura (3h) 5) Lingua Galega e Literatura (3h) 6) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 7) Educación Física (2h) 8) Música (2h) 9) Tecnoloxía (2h) 10) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h) 11) Titoría (1h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Matemáticas académicas (4h) 2) Matemáticas aplicadas (4h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Segunda Lingua Estranxeira (2h) 2) Cultura Clásica (2h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h) 	<ol style="list-style-type: none"> 1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) 4) Matemáticas Académicas (4h) 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Titoría (1h) <p>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Bioloxía e Xeoloxía (3h) 2) Economía (3h) 3) Física e Química (3h) 4) Latín (3h) 	<ol style="list-style-type: none"> 1) Xeografía e Historia (3h) 2) Lingua Castelá e Literatura (3h) 3) Lingua Galega e Literatura (3h) 4) Matemáticas Aplicadas (4h) 5) Primeira Lingua Estranxeira (3h) 6) Educación Física (2h) 7) Titoría (1h) <p>ELIXIR DÚAS TRONCAIS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (3h) 2) Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (3h) 3) Tecnoloxía (3h)
<p>Materias de LC autonómica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Educación Financeira - Investigación e tratamento da información. - Oratoria - Paisaxe e sustentabilidade. - Promoción de estilos de vida saudable. - Xadrez. 				<p>ELIXIR DÚAS</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Artes Escénicas e Danza (3h) 2) Cultura Científica (3h) 3) Cultura Clásica (3h) 4) Educación Plástica, Visual e Audiovisual (3h) 5) Filosofía (3h) 6) Música (3h) 7) Segunda Lingua Estranxeira (3h) 8) Tecnoloxías da Información e a Comunicación (3h) 9) Unha materia troncal non cursada da súa opción (3h) <p>ELIXIR UNHA</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) Relixión (1h) 2) Valores Éticos (1h)

LEXISLACIÓN: DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resumo contidos das materias ESO LOMCE:

Non se presenta o contido de todas as materias. Tan só un resumo daquelas materias novas ou menos coñecidas polo alumnado de ESO.

Preséntase o resumo das seguintes materias:

- Ciencias Aplicadas á actividade profesional
- Economía
- Iniciación á actividade emprendedora e empresarial
- Latín
- Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas
- Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas
- Artes escénicas e danza
- Cultura Científica
- Cultura Clásica
- Filosofía
- Tecnoloxías da Información e da comunicación
- Valores ético - cívicos
- Educación financeira
- Investigación e tratamento da información
- Oratoria
- Paisaxe e sustentabilidade
- Programación:
- Promoción de estilos de vida saudable
- Xadrez

MATERIAS TRONCAIS

1. Ciencias Aplicadas á actividade profesional:

Formación experimental básica e traballo no laboratorio, respectando as normas de seguridade e hixiene, e valorando a importancia de utilizar os equipamentos de protección persoal necesarios en cada caso. Esta formación achegaralles unha base moi importante para abordaren en mellores condicións os estudos de formación profesional nas familias profesionais Agraria, de Industrias Alimentarias, de Química, de Sanidade, de Vidro e Cerámica, etc.

Os contidos preséntanse en catro bloques:

- Bloque 1 está dedicado ao traballo no laboratorio; organización dun laboratorio, os materiais e as substancias que van usar durante as prácticas, facendo moito fincapé no coñecemento e no cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como na correcta utilización de materiais e substancias.
- Bloque 2 dedícase á ciencia e á súa relación co ambiente. Tipos de contaminantes, as súas orixes e os seus efectos, así como o tratamento para reducir os seus impactos e eliminar os residuos xerados. A parte teórica debe ir combinada coa realización de prácticas de laboratorio que lle permitan ao alumnado coñecer como se poden tratar estes contaminantes e como utilizar as técnicas aprendidas.
- Bloque 3 combina aspectos teóricos cos de indagación, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Bloque 4 ten como obxectivo a realización de proxectos de investigación en grupo seguindo os métodos da ciencia aplicados a coñecementos adquiridos en cursos anteriores.

2. Economía:

Estudo da economía como ciencia e o papel dos axentes económicos.

Bloques de contido:

- Ideas económicas básicas: recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica.
- Economía e empresa: analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía.
- Economía persoal: está dedicado ao estudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas.
- Economía e ingresos e gastos do Estado: repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos.
- Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego: repásanse os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego.
- Economía internacional: fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

3. Iniciación á actividade emprendedora e empresarial:

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques:

- Bloque 1: "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.
- Bloque 2: "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.
- Bloque 3: "Finanzas", analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial, a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

4. Latín:

Introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica. Os bloques de contidos refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais:

- Latín, orixe das linguas romances
- Sistema da lingua latina: elementos básicos
- Morfoloxía
- Sintaxe
- Roma: historia, cultura e civilización
- Textos
- Léxico

5. Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas:

Materia necesaria para continuar estudos postobrigatorios de bacharelato. O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes. Tamén debe valorar as posibilidades de aplicación práctica do coñecemento matemático tanto para o enriquecemento persoal como para a valoración do seu papel no progreso da humanidade. Os contidos organízanse entorno aos seguintes bloques:

- Procesos, métodos e actitudes en matemáticas
- Números e álgebra
- Xeometría
- Funcións
- Estatística e probabilidade

6. Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas:

O alumnado que curse esta materia afondará no desenvolvemento das habilidades de pensamento matemático; concretamente na capacidade de analizar e investigar, interpretar e comunicar matematicamente diversos fenómenos e problemas en distintos contextos, así como de proporcionar solucións prácticas a estes, cun enfoque eminentemente práctico dirixido a proporcionar recursos e competencias que permitan ao alumnado continuar estudos de formación profesional. Os contidos organízanse entorno aos seguintes bloques:

- Procesos, métodos e actitudes en matemáticas
- Números e álgebra
- Xeometría
- Funcións
- Estatística e probabilidade

MATERIAS ESPECÍFICAS

1. Artes escénicas e danza:

Comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como o devir da historia do teatro e da danza ao longo dos séculos, comprender a súa importancia e verificar os cambios xurdidos no seu desenvolvemento;

Tomar conciencia dos seus recursos expresivos e os desenvolveos na práctica, mediante a exploración dos compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da súa capacidade de concentración, relaxación e autoconciencia corporal; a procura de niveis óptimos de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario na modelaxe da súa conduta; a estimulación das súas habilidades comunicativas; a vivencia e a recreación de situacións dramáticas diversas; a exploración dos seus recursos no terreo da oralidade; e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

Coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas artes escénicas e na danza. Os alumnos e as alumnas deberán ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografías; danzas populares, preclásicas, clásicas e contemporáneas; decorados; bosquexos; figurinos; edificios teatrais e espazos para a representación; textos dramáticos; postas en escena, etc.) configuraron múltiples xeitos de construír e realizar as artes escénicas e a danza.

Estrutúrase esta materia en catro bloques: "Común", "Teatro", "Danza" e "Outras artes escénicas".

2. Cultura Científica:

Baséase na adquisición dunha cultura científica básica que lle permita entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos. No cuarto curso de ESO, a materia de Cultura Científica establece a base de coñecemento científico sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade.

Bloques:

- Procedementos de traballo
- Universo
- Avances tecnolóxicos implicacións sociais e ambientais
- Calidade de vida
- A humanidade e o uso dos materiais,

3. Cultura Clásica:

Ten como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo das civilizacións grega e latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

Bloques de contidos:

- Xeografía
- Historia
- Mitoloxía, Arte
- Sociedade e vida cotiá
- Lingua e literatura
- Pervivencia na actualidade.

4. Filosofía:

Capacita o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e independente, co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo/a. O pensamento filosófico achega os coñecementos teóricos e as destrezas prácticas para entender, analizar e propor solucións aos desafíos intelectuais e morais do século XXI. Asemade, a materia de Filosofía ofrece os fundamentos conceptuais dos principios e dos valores da paz e da seguridade mundiais: democracia, imperio da lei, dereitos humanos, tolerancia, xustiza, igualdade e liberdade.

Bloques temáticos: a especificidade do saber filosófico, o coñecemento humano, a pregunta pola realidade, a condición humana e a racionalidade práctica.

5. Tecnoloxías da Información e da comunicación:

Trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Bloques de contido:

- "Ética e estética da interacción en rede", "Seguridade informática" e "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal.
- O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicación cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC.
- O bloque de "Organización, deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

6. Valores ético - civicos:

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos:

- A dignidade da persoa
- A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais

- A reflexión ética
 - A xustiza e a política
 - Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos
 - Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía
-
- En 1º ESO traballan o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política.
 - En 2º ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central.
 - En 3º ESO, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen.
 - No 4º ESO retómanse desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos.

MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

1. Educación financeira:

Contidos económico básicos que permiten á cidadanía familiarizarse, desde idades temperás, coa organización e o funcionamento do sistema financeiro, en particular cos produtos e os servizos financeiros de uso máis habitual, para posteriormente axudar na planificación da vida financeira persoal e na elección daquelas alternativas que mellor se adapten ás súas necesidades, mantendo a seguridade financeira como eixo central desa planificación. O currículo desta materia está organizado en tres bloques. O primeiro fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento; o segundo céntrase na planificación financeira persoal e familiar e, finalmente, o terceiro trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis adecuada ás súas necesidades e á súa situación económico-financiera. Trátase de iniciar o alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal.

2. Investigación e tratamento da información:

Desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distinto tipo de textos informativos e en diferentes soportes e formatos, e poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo.

O desenvolvemento dos contidos que se propoñen está ligado á biblioteca escolar do centro, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. A biblioteca é o espazo educativo natural para o traballo coa información, xa que ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.

Propóñense cinco bloques: A biblioteca, Fontes informativas Localización e selección, Organizarse para investigar, Procura e tratamento da información, Xeración de contidos e comunicación.

3. Oratoria:

Arte de falar en público para participarmos na mellora colectiva e democrática da realidade, para configurarmos a nosa traxectoria académica e profesional, e para fortalecermos unha imaxe propia positiva ante nós mesmos/as e ante as demais persoas.

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias de comunicación lingüística, xa que permite unha extraordinaria mellora das destrezas comunicativas, sobre todo das de carácter oral; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria carece de sentido se non é para participar de xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois a oratoria fomenta a proactividade, o autoconhecimento e a autoestima.

Os contidos da materia distribúense en catro bloques:

- O primeiro bloque, "O discurso persuasivo", pretende ofrecerlle ao alumnado un primeiro achegamento a mostras representativas de discursos breves ou de fragmentos de discurso de índole persuasiva. Pór en práctica as destrezas fundamentais da comprensión de lectura e de escoita comprensiva e valorar os procedementos construtivos e elocutivos do discurso persuasivo.
- No segundo bloque, "Elaboración do discurso persuasivo", trata de desenvolver destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento adecuado do tema do discurso, conseguido grazas á investigación e á aplicación de técnicas de traballo intelectual, é fundamental para adquirir a autoconfianza que todas as persoas precisan para falar ante un auditorio; unha estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e das técnicas da retórica son atributos necesarios de calquera discurso oral eficaz.
- No terceiro bloque, "A presentación do discurso persuasivo": xestión emocional do/da orador/a, control da conduta asociada ás emocións negativas, emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso.
- O cuarto bloque, "Oratoria, valores e educación emocional": habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade, empregar a palabra e as técnicas da retórica e da oratoria para presentar proxectos, achegas, opinións ou refutacións en foros diversos nos que poida participar (xuntanzas no ámbito escolar, asociativo, etc.) ou en simulacións de foros institucionais ou profesionais (intervencións de tipo político, profesional, académico, etc.).

4. Paisaxe e sustentabilidade:

Contribuirá a traballar o sentido de pertenza do alumnado a unha comunidade, a se sentir parte activa dunhas paisaxes herdadas e a entender que preservar este patrimonio entraña unha responsabilidade presente e futura. Pretende afondar nas claves do desenvolvemento sustentable, baseado no equilibrio harmónico entre as necesidades sociais, a economía e o ambiente, e tamén favorecer esta sensibilización mediante a adquisición de coñecementos básicos para a interpretación das paisaxes galegas, desenvolvendo unha conciencia crítica sobre os seus valores culturais, ambientais, sociais e económicos. E, finalmente, busca trasladarlle ao alumnado a idea da estreita relación entre a paisaxe e o benestar material, mental e espiritual da nosa sociedade.

Bloques de contidos:

- As lecturas da paisaxe. As súas dimensións e tipoloxías.
- A paisaxe como produto social. Dinámicas e cambios nas paisaxes. A súa evolución.
- carácter das paisaxes. Os seus valores tanxibles e intanxibles.
- Paisaxe e calidade de vida. Un dereito da cidadanía.

5. Programación:

A materia de Programación achega os coñecementos informáticos necesarios para resolver problemas deseñando algoritmos e codificando programas, e para adaptarse aos cambios propios do ámbito informático.

Bloques de contidos:

- O bloque "Diagramas de fluxo" trata os aspectos básicos do deseño de algoritmos e da súa representación mediante diagramas de fluxo.
- O bloque "Programación por bloques" introduce un paradigma de programación que resulta especialmente útil neste nivel educativo, para unha primeira aproximación a esta disciplina, dada a súa sinxeleza e as súas posibilidades técnicas para converter de forma gráfica diagramas de fluxo en programas.
- O bloque "Programación web" introduce as linguaxes de marcas (apoiándose na linguaxe HTML) e as ferramentas da web 2.0, para aplicar as destrezas de programación á produción de contidos sinxelos ao tempo que interactivos e accesibles.

6. Promoción de estilos de vida saudable:

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

O currículo divídese en dous bloques de contidos: "Actividade física e saúde" e "Alimentación para a saúde".

- O bloque de contidos "Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa. Ademais, aborda de maneira sinxela o traballo no ámbito socioemocional de estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.).
- O bloque de "Alimentación para a saúde" hábitos de alimentación e hidratación saudables a través do coñecemento dos alimentos e das bebidas, así como das súas proporcións máis adecuadas ás súas propias características e demandas enerxéticas, o alumnado

debe aprender a avaliar de forma sinxela a súa inxestión e a instaurar un estilo de vida saudable a través da elaboración e a posta en marcha de dietas equilibradas, partindo de patróns alimentarios saudables, como as dietas atlántica e mediterránea. Procúrase tamén o desenvolvemento da capacidade crítica na compra de alimentos e bebidas, dotando de ferramentas que permitan facer unha análise crítica das etiquetas nutricionais. No ámbito socioemocional, trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.)

7. Xadrez:

Xogo de lóxica e estratexia que axuda a adquirir hábitos, actitudes e procesos de pensamento. Cando xogamos reflexivamente débense seguir pasos semellantes aos necesarios para desenvolver calquera outro tipo de problema. Xogando créase un clima favorable á discusión e ao debate, o que fomenta a expresión oral en diferentes contextos. Favorécese a capacidade de formular instrucións e a expresión do razoamento das estratexias seguidas no xogo mediante un novo código de comunicación. O xadrez tamén facilita os procesos de socialización establecendo entre o alumnado relacións de cooperación.

Bloques de contidos:

- Bloque "Fundamentos de xadrez" desenvolve contidos elementais e prácticos para empezar a xogar ao xadrez, ademais de aprender vocabulario específico noutros idiomas.
- Bloque "O xogo en acción" dedícase a afondar na adquisición de coñecementos técnicos e tácticos para ir mellorando no xogo.
- Bloque "Transversalidade no xadrez" pretende desenvolver técnicas de traballo cooperativo, a mellora no manexo das TIC e a análise de diferentes situacións desde a interdisciplinaridade.